

## VARIACIÓNS

Camiñara Emma Couceiro nas súas obras precedentes *-Humidosas e As entrañas horas-* as rutas do intimismo radical, esa tendencia que nos leva ó terreo dos sentimentos vividos sempre ó límite, entrañados, para crear a través deles mundos abafantes que xa son característicos da súa poética. Con todo, na súa terceira obra, *(Cito)*, consegue darlle unha volta de torniqueta ós poemas que agora se converten en textos fragmentarios onde digresión, metaliteratura, paratexto -termos todos eles citados na contraportada para tentar definir o libro- obrigan ó lector a participar aínda máis na lectura para, tamén el, afanarse na construción dun texto que se nos ofrece de xeito inconcluso, sempre susceptible de ampliación a través das citas literarias. Este recurso ás citas, tan alleo á poesía, consegue ir abrindo o texto a novas olladas á maneira dun puzzle que o lector completa á súa maneira, desbotando pezas ou encaixándoas de forma inusual pois admite múltiples combinacións. E así as citas chegan a ser un paratexto que, aínda aportando novos datos ó poema, tamén forman en si mesmas un texto independente daquel ó que complementan nun diálogo intertextual que, sendo unha das grandes aportacións de Emma Couceiro nesta obra, se establece con outros autores, cos poemarios previos da poeta ou con textos colocados en diversos lugares do libro: “Así pois (cito): / *agora pensa se podes desafiar a miña memoria,* / (esta que teme por min,/ que nunca esgota as apariencias,/ afeita a improvisar os espazos os tempos,/ a versión máis amable/ a indulxente)”.

E, de novo, para alén deste xogo formal que a autora nos propón, atopamos esa tendencia tan dela a unha linguaxe encriptada na súa propia esencia, escura e enigmática, a través da cal se vehiculan os temas axiais dunha voz moi persoal. Nela teñen cabida a memoria, as experiencias vitais e a busca dun lugar onde “Sacrificar/ un corpo sen nome engadido, sacrificar tamén esta voz enredada sorprendida de si mesma, da súa loita imprevista por seguir atada a unha lingua que nunca foi quen de perdoar nada”. Dese sacrificio emerxe *(Cito)* como unha voz paralela á do propio discurso poético que nos aporta as variacións necesarias para entender unha realidade poliédrica en extremo por máis que a ollada sobre ela que a autora nos presenta sexa deliberadamente fragmentaria e parcial. De nós depende o exercicio da construción pois agora, máis que nunca, o lector é unha peza na engranaxe do texto, un actante máis que expresa a súa experiencia e a súa sabedoría: “(unha soa voz transparente e roupa seca para volver á casa), / deixando palabras polo camiño para que non vaias/ falando soa”. Ou as máis sorprendentes variacións sobre a vida mesma.

TERESA SEARA

*Tempos Novos*, 86, Xullo 2004, p. 71